

Confianza empresarial COMUNICADO

Os empresarios galegos ven de forma optimista a marcha das súas empresas no primeiro trimestre de 2007

Confianza empresarial

O Instituto Galego de Estatística presenta unha nova actividade estatística denominada “Confianza empresarial”, que pretende afondar no coñecemento da conxuntura das empresas con actividade en Galicia, así como facilitar a toma de decisións por parte dos axentes económicos.

Os primeiros resultados obtidos corresponden aos dous primeiros trimestres do ano 2007, con resultados sobre a evolución da actividade no primeiro trimestre, e a formulación de expectativas para o segundo, para o que se recolleu a opinión dos responsables das empresas con actividade en Galicia.

O Índice de confianza empresarial indica boas perspectivas das empresas en Galicia

A partir dos primeiros resultados que se obteñen pódese destacar que os empresarios galegos ven con certo optimismo a evolución das súas empresas no primeiro trimestre do ano 2007, tendo en conta que os indicadores que se obteñen poden tomar valores entre -100 e 100, sendo o 0 o punto intermedio.

Destaca por sectores o denominado “resto de servizos”, que exclúe ao comercio polo miúdo, no que a situación no primeiro trimestre do ano situouse por riba dos 20 puntos, confianza á que se achegou moito a industria. Por outra parte, dentro do optimismo dos distintos sectores, o comercio polo miúdo é o que acadou menor nivel, con 12,9 puntos.

CONFIANZA EMPRESARIAL. 1ºT/2007

| | Industria | Construción | Comercio polo miúdo | Resto de servizos |
|----------------------|-----------|-------------|---------------------|-------------------|
| IGACE _{IGE} | 19,1 | 17,7 | 12,9 | 21,4 |

Fonte: IGE. Confianza empresarial

Nota: Datos provisionais

Dificultades indicadas polos empresarios

Entre as dificultades que salientan os empresarios que se atoparon no primeiro trimestre de 2007 no desenvolvemento da súa actividade destaca a escaseza de man de obra, cualificada e non cualificada, que sinalaron o 36,6% e o 12,3% das empresas respectivamente. Por outra parte, o 34,6% dos empresarios indicaron que non tiveron dificultades que resaltar no trimestre.

DIFICULTADES DAS EMPRESAS. 1ºT/2007

Porcentaxe de empresas:

| | % |
|--------------------------------------|------|
| Escaseza man de obra cualificada | 36,6 |
| Escaseza man de obra non cualificada | 12,3 |
| Escaseza aprovisionamentos | 7,3 |
| Problemas financeiros | 11,2 |
| Sen dificultades que sinalar | 34,6 |

Fonte: IGE. *Confianza empresarial*

Nota: *Datos provisionais*

Previsións para o segundo trimestre de 2007

Máis da cuarta parte dos empresarios consideran que verán incrementado o resultado neto de explotación no segundo trimestre do ano con respecto ao do primeiro. Cómpre destacar o caso da industria, no que o 43,4% dos responsables das empresas consideran que aumentarán o resultado neto de explotación; no sector do comercio polo miúdo esta porcentaxe sitúase no 38,1%.

En canto ao emprego, máis do 60% dos empresarios confían en que se manterá estable no seguinte trimestre. Por outra parte pensa que incrementarán o emprego o 27,2% das empresas no sector da industria, e no sector do resto de servizos (excluíndo o comercio polo miúdo, que se analiza individualmente) o 15,6% das empresas.

Analizando os resultados obtidos para os investimentos, máis do 20% dos empresarios consideran que aumentarán no segundo trimestre do ano con respecto ao primeiro, e menos do 10% consideran que diminuíran. No sector da industria, o 26,8% das empresas confían en que se incrementarán os investimentos, e o 67,1% consideran que se manterán estables con respecto ao primeiro trimestre do ano. No caso da construción, no que se investigan por separado os investimentos en bens de equipo e o resto de investimentos, tan só o 3% dos responsables das empresas pensan que diminuirá o nivel de investimentos na empresa. Nas empresas de comercio polo miúdo, tres cuartas partes confían en manter os investimentos de xeito similar aos do primeiro trimestre do ano.



PREVISIÓNS 2ºT/2007:

Unidade: Porcentaxe de empresas

Resultado neto de explotación:

| | Incremento | Estabilidade | Diminución |
|---------------------|-------------------|---------------------|-------------------|
| Industria | 43,4 | 46,5 | 10,1 |
| Construción | 26,2 | 64,9 | 9,0 |
| Comercio polo miúdo | 38,1 | 46,9 | 15,0 |
| Resto de servizos | 27,2 | 58,3 | 14,6 |

Emprego:

| | | | |
|---------------------|------|------|------|
| Industria | 27,2 | 61,7 | 11,1 |
| Construción | 18,7 | 77,1 | 4,2 |
| Comercio polo miúdo | 23,2 | 67,7 | 9,1 |
| Resto de servizos | 15,6 | 81,5 | 2,9 |

Investimentos:

| | | | |
|-----------------------------------|------|------|-----|
| Industria | 26,8 | 67,1 | 6,1 |
| Construción: bens de equipo | 29,1 | 67,9 | 3,0 |
| Construción: outros investimentos | 22,3 | 74,8 | 3,0 |
| Comercio polo miúdo | 21,4 | 75,0 | 3,6 |
| Resto de servizos | 22,9 | 67,3 | 9,8 |

Fonte: IGE. Confianza empresarial

Nota: Datos provisionais

Definicións:

Saldo ponderado: Diferencia entre respostas de tipo "aumenta" e respostas de tipo "diminúe" a unha pregunta, debidamente ponderadas segundo a importancia da empresa que dá a resposta.

IGACE: Indicador sintético elaborado a partir do promedio de saldos ponderados de preguntas.

Resultado neto de explotación: diferenza entre ingresos e gastos (unha vez considerados os impostos) orixinados polo desenvolvemento da actividade que constitúe o obxecto principal da empresa, e aquelas outras que se realizan regularmente, de modo secundario ou accesorio a aquela.

Emprego: persoas que mediante contrato traballan para a empresa a cambio dunha remuneración.

Investimentos: adquisición de activos fixos por parte dunha unidade produtiva para ser utilizados na produción por un período de tempo superior a un ano.

Para máis información:

Publicacións relacionadas (opcional)

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/catalogo/peticioninfo.jsp?idioma=ga>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>